



“El ‘brexit’, el conflicto catalán o la política de Donald Trump son letales para la economía”

[PÁGINA 18] FINN E. KYDLAND, PREMIO NOBEL DE ECONOMÍA

A científica María José Alonso, entre os premiados coas Medallas Castelao

[PÁGINA 10]



elCorreoGallego

VIERNES 8 DE JUNIO DE 2018

Director JOSÉ MANUEL REY NÓVOA

Fundado en 1878

www.elcorreogallego.es

Nº 49.264

Se estrena hoy el ‘Consejo de Ministras y Ministros’

MARÍA MARTÍNEZ

Las once mujeres y seis hombres que forman el Gobierno de Pedro Sánchez prometieron ayer sus cargos ante el rey, en La Zarzuela, en una

El PP hará oposición “sin concesiones” y un enfadado Iglesias le augura a Pedro Sánchez “un calvario”

ceremonia sin símbolos religiosos y en la que la mayoría se comprometió a mantener el secreto de las deliberaciones “del Consejo de Ministras y Ministros”, para remarcar el carácter feminista del nue-

vo Ejecutivo. Al igual que Sánchez el pasado sábado, sus ministros prescindieron de la Biblia y del crucifijo, una opción que la Casa del Rey ofrece desde que comenzó el reinado de Felipe VI a todos

quienes juran o prometen su cargo ante el jefe del Estado y que nadie había elegido antes del actual presidente socialista. Nadia Calviño, la única gallega en el Ejecutivo, se declaró orgullosa de for-

mar parte de un equipo con una agenda modernizadora, feminista y europea. La primera reunión del Consejo de Ministras/os se celebra hoy.

LA QUINTA: Lo complicado, ahora NUEVO GOBIERNO [Págs. 6-7]

Feijóo solo va a hablar cuando se convoque el congreso del relevo

• **Pide “sosiego para reflexionar, porque sobra ansiedad”**

CAMBIO DE CICLO EN EL PP [Págs. 8 y 9]

Rueda certifica que la Semana Verde salió de la crisis



INAUGURACIÓN EN SILLEDA
El vicepresidente Rueda y la conselleira Vázquez, ayer, en el recinto ferial

FERIA INTERNACIONAL [Pág. 27] Alfonso Rueda subrayó ayer en la inauguración de la Semana Verde, en Silleda, que la gran feria sale fortalecida de la crisis. En esta edición participan 710 expositores de veinte países. Foto: Puri Sangiao

Sin noticias todavía de los veintidós nuevos enlaces prometidos para el aeropuerto de Lavacolla en 2014

Paco Reyes rechaza la coordinación y recuerda que Santiago “é a porta de Galicia” [Pág. 19]

Alarma por los niveles de coca en aguas residuales de Compostela

ESTUDIO EUROPEO [Pág. 21]

Carracedo es el nuevo presidente internacional de la Medicina Legal

RECONOCIMIENTO [Pág. 20]

Aumento de mamas

Mastopexia

Reducción de mamas

1ª CONSULTA GRATUITA

CLÍNICA NOVOA

Dr. NOVOA AMARELLE
Cirujano Plástico

SANTIAGO • 981 596 541 (C-15-003212)
VIGO • 986 226 866 (C-36-001563)
A CORUÑA • 981 260 655 (C-15-001097)

{ACUERDOS DEL CONSELLO}

Paso adelante para impulsar el Gran Hospital de Montecelo

PONTEVEDRA El Consello da Xunta declarou de interés supramunicipal el proyecto sectorial para la ampliación del Hospital Gran Montecelo de Pontevedra. La nueva infraestructura sanitaria garantizará la prestación y asistencia a una población de 300.000 habitantes. **ECG**

Plan de ayuda a la contratación de desempleadas

EN BREVE En las próximas semanas la Xunta pondrá en marcha un nuevo programa de ayudas específico para la contratación indefinida de mujeres desempleadas. La Consellería de Economía invertirá en esta iniciativa más de 1,5 millones de euros, con los que se prevé que cerca de 200 mujeres encuentren un trabajo. **ECG**

Lucha contra los incendios con puntos de agua y cortafuegos

MEJORAS La Xunta destina en dos años cerca de 8,5 millones de euros en la mejora de la red de puntos de agua y de cortafuegos para la defensa contra los incendios forestales. A día de hoy, Galicia cuenta con 5.481 depósitos de agua y más de 10.500 hectáreas de cortafuegos. **ECG**

Protocolo para desarrollar el primer ecobarrio de Ourense

A PONTE Feijóo avanzó en el desarrollo del ecobarrio de Ourense con la aprobación del protocolo de colaboración con Adif y el Concello. El acuerdo fija los compromisos que adquieren cada una de las partes para lograr del barrio de A Ponte un ejemplo de calidad de vida. **ECG**

Fondos para mejorar las áreas empresariales

CONCELLOS Galicia mobilizará 8,4 millones de euros para mejorar los parques empresariales de 64 ayuntamientos, de los cuales 22 son emprendedores. Las ayudas apuestan por fortalecer el tejido empresarial, mejorar las infraestructuras de la comunidad autónoma y fomentar el emprendimiento de carácter industrial. **ECG**

10 GALICIA

EL CORREO GALLEGO

VIERNES
08 DE JUNIO DE 2018

Isabel Aguirre de Úrcola, María José Alonso Fernández, Jesús Domínguez Fernández, Xesús Mato Mato e os carteiros rurais de Correos na comunidade autónoma son os distinguidos este ano coa Medalla Castelao, un galardón que reciben cada ano mulleres e homes de ben **TEXTO E.P.**

Recoñecemento aos mellores de Galicia

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, anunciou que o Consello da Xunta aprobou onte o decreto polo que se concede a Medalla Castelao 2018 a aqueles galegos e galegas cuxo labor en calquera faceta da actividade humana se considera merecedora do recoñecemento de toda Galicia. Os galardóns serán entregados, como cada ano, o vindeiro 28 de xuño, o día no que se conmemora a chegada a Galicia dos restos de Castelao, depositados no Museo do Pobo Galego.

1 ISABEL AGUIRRE DE ÚRCOLA

Arquitecta.

Nacida en Vilagarcía de Arousa, esta arquitecta pola Universidade da Coruña, dirixe a Escola Galega de Paisaxe da Fundación Juana de Vega desde a súa creación en 2008. Con máis de 25 anos de experiencia na docencia e na investigación, na da Coruña e noutras universidades españolas, é tamén Premio Nacional de Arquitectura Manuel de la Dehesa (1987) pola rehabilitación do parque de Bonaval en Compostela, e Premio Europeo de Intervención no Patrimonio Arquitectónico polo seu traballo de recuperación paisaxística do contorno do mosteiro de Caaveiro.

Membro do Comité de Directores do Consello Europeo de Escolas de Arquitectura da Paisaxe, mostrou a súa obra no ano 2000 na Universidade de Harvard, en EE UU, na exposición *Os 15 mellores paisaxistas de Europa*. Distinguida co Premio María Josefa Wonenburger en 2015, encargouse das obras dos proxectos dos Parque Oeste e Parque Sur en Lisboa, e do proxecto de rehabilitación da Illa do Cobo ou A Illa das Esculturas en Pontevedra. Ademais,



1



2



3



4



5

3 JESÚS DOMÍNGUEZ FERNÁNDEZ

Empresario.

Naceu na Pobra de Trives e pertence a unha das familias máis prolíficas do sector téxtil galego. É fundador da empresa familiar Sociedade Téxtil Lonia que conta, actualmente, con case 2.000 traballadores e é matriz de Carolina Herrera e Purificación García. Desde 2006 comezou a súa andaina de Bimba & Lola (é o pai de María e Uxía Domínguez, fundadoras da empresa que comezou a camiñar hai 12 anos).

Traballador incansable, leva nos xenes o emprendemento como se desprende da súa incursión no eido da alimentación, creando Petra Mora, unha em-

presa de delicatessen online, que na súa aposta pola excelencia e innovación foi merecedora de numerosos recoñecementos como o Premio ao Deseño e Innovación Tecnolóxica de Madrid Fusión.

4 XESÚS MATO MATO

Crego.

Este crego profesor de Relixión, Filosofía e Música nacido en Paradela, fundou a Polifónica de Lalín e Radio Popular de Lalín, a través da que lle deu voz ao rural galego. Foi tamén creador e primeiro coordinador de Auxilia Lugo, unha asociación que traballa a prol da integración social e cultural das persoas con discapacidade, e cofundador do grupo folk Fuxan os Ventos, que chegou ao máis alto da música.

O seu amor polo rural levouno en 1983 a pedir destino nas montañas do Cebreiro, encargándose de seis parroquias durante máis de 25 anos ata a súa xubilación. O seu traballo e servizos aos demais foron recoñecidos cos premios Lucense do Ano (1991), Moncho Valcarce (1998) ou o Premio de Cultura Tradicional María Castaña.

5 CARTEIROS RURAIS DE GALICIA-CORREOS

A Medalla Castelao homenaxea unha das profesións máis tradicionais, o carteiro do rural. Estes 1.007 empregados de Correos chegan día a día ás vivendas de todos os lugares, aldeas, parroquias e municipios rurais da comunidade autónoma, percorrendo máis de 68.400 quilómetros cada día, e contribuíndo á cohesión social e territorial de Galicia. O galardón serve de recoñecemento ao encomiable labor social e humano dun colectivo que mantén vivo o servizo postal universal, axudando a dinamizar o rural galego.

foi nomeada presidenta da Irmandade da Ribeira Sacra, que ten como finalidade promover, recuperar e salvagardar os valores culturais, históricos e paisaxísticos da Ribeira Sacra.

2 MARÍA JOSÉ ALONSO FERNÁNDEZ

Científica.

A profesora e investigadora do CIMUS foi elixida como novo membro da Academia Nacional de Medicina de Estados Unidos. Catedrática de Biofarmacia e Tecnoloxía Farmacéutica pola USC, conta con máis de 235 contribucións científicas e máis de 11.600 citas e é artífice de 19 familias de patentes. Foi vicerreitora de Investigación

e Innovación da USC e ademais de ocupar postos de responsabilidade en varias sociedades científicas, forma parte doutras tres academias científicas, ademais da xa citada de Medicina de EE UU: a Academia de Farmacia de Galicia, a Real Academia de Ciencias de Galicia e a Real Academia Nacional de Farmacia. Coordinou, así mesmo, varios consorcios de investigación financiados pola OMS, a Fundación Bill e Melinda Gates e a Comisión Europea. Conta con premios como o Gallega del Año (2011), Nóvoa Santos (2011), Maurice Marie Jannot (2014), concedido pola Sociedade Farmacéutica Euroopea, e o María Josefa Wonenburger (2013).